



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte leva esta fin de semana dúas funcións de 'Lear en las catedrales' ás localidades de Melide e Ribadeo

A compañía cántabra Ábrego Producciones presenta en Galicia un espectáculo atravesado polo poema 'Lear en los claustros', de José Hierro; e participará en encontros co público ao finalizar as representacións, cuxo acceso será gratuíto ata completar a capacidade dos auditorios

27 de setembro de 2023.- Camiño Escena Norte, o proxecto de intercambio cultural a través das artes escénicas no que participan compañías teatro, danza e novo circo de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega esta fin de semana a **Melide e Ribadeo** cunha dobre función do espectáculo **Lear en las catedrales**, unha peza de Ábrego Producciones. Ao finalizar as dúas representacións, os membros da compañía cántabra participarán nun encontro co público asistente.

A montaxe de **Lear en las catedrales** está atravesada polo poema **Lear en el claustro, de José Hierro**, e reflicte a decadencia dun rei despojado de todo e que implora ser amado pola súa filla Cordelia. A obra avanza armando o crebacabezas dunha memoria que tende a esvaecerse no esquecemento, engadindo capas, unhas feitas de realidade e vivencias da actriz e outras feitas de ficción, a das personaxes interpretadas ao longo da súa carreira, nun delicado equilibrio entre o real e o imaxinario, mostrando ao público as reviravoltas ocultas do teatro, os trucos dun oficio vivido en corpo e alma.

Ao finalizar tanto a función no Centro Sociocultural Mingos de Pita de Melide coma a do Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo -cuxo **acceso, en ambos casos, será libre ata completar a capacidade do patio de butacas**-, a compañía participará nun encontro co público. No caso de Melide, a conversa contará coa mediación de Marta Pérez, de Inversa Teatro; mentres que na de Ribadeo asistirán Eleazar López e Carlos Rebolo, de ÍTACA Teatro.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Para máis información sobre **Camiño Escena Norte (CEN)**, que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), pódese visitar a páxina web oficial www.escenanorte.com.

AXENDA CAMIÑO ESCENA NORTE | 30/09 E 01/10

30.09.2023 | 20:30 horas. Auditorio Centro Sociocultural Míngos de Pita, Melide

Lear en las catedrales, de Ábrego Producciones (Cantabria).

Espectáculo dirixido a público adulto. Entrada libre ata completar capacidade. Ao finalizar a función, encontro co público. Acompaña: Marta Pérez (Inversa Teatro).

01.10.2023 | 20:00 horas. Auditorio Municipal Hernán Naval, Ribadeo

Lear en las catedrales, de Ábrego Producciones (Cantabria).

Espectáculo dirixido a público adulto. Entrada libre ata completar capacidade. Ao finalizar a función, encontro co público. Acompaña: ÍTACA Teatro.

Fotos en alta de *Lear en las catedrales*

<https://www.dropbox.com/scl/fo/iuyzghij565s7jefxf7hu/h?rlkey=wjbas660r5c4mjc2ie3puhsvn&dl=0>

Teaser de *Lear en las catedrales*

<https://www.dropbox.com/scl/fi/9ve3evv67wpb2cu2azih9/LEAR-EN-LAS-CATEDRALES.mov?rlkey=r0ktfnzkz5flx3fylh704xf7q&dl=0>

Para máis información

PRENSA CEN Galicia | Lucía Pita. 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa CEN Galicia 2023

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZlpYXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

